

LEMBRANZA DE MANOLO RODRÍGUEZ LOPEZ "ORESTES"- EN BARCELONA

A finais dos anos sesenta e até ben entrados os noventa -é a época da que eu podo falar- Barcelona foi un fervedoiro de galegidade. Segundo algúns cálculos feitos nesa época, uns trescentos mil galegos tiñamos emigrado a Catalunya.

Tiñamos o Centro Galego como lugar de encontro, no que ademais nas fins de semana e tamén os xoves había bailes de aqueles de agarrarse. E tamén dous locais máis, un na rúa Conde de Asalto por riba do Paralelo, que se chamaba Rías Gallegas, e seguindo pola mesma rúa cara arriba, no remate, atopabámonos con outro típico baile-merendeiro galego, xusto por debaixo da piscina olímpica de Montjuich, chamada Font Trovada. Había moitos máis desperdigados polas rúas barcelonesas, pero eran estes os máis frecuentados polos mozos da época que percorríamos con evidente interese para reencontrarnos coas nosas rapazas, que tiñamos deixado atrás na nosa carreira migratoria desde as aldeas de Galiza.

Axiña xurdiron novas asociacións; e no ano 1970, co meu irmán Pedro, fundamos o restaurante Sporting no popular Barrio de Gracia, moi cerca da Praza do Sol, lugar emblemático, case que epicentro das súas famosas festas. Acadamos notoriedade moi rapidamente, polos estupendos caldos e guisos galegos que realizaban a miña cuñada, Matilde e a miña muller Nilde. Matilde fora cocifeira de bodas, coa súa tía, pola zona de Becerreá e Baralla. Nunha ocasión, visitáronme Xose Luis Blanco Campaña e Xose Luis Foxo Rivas, disidentes do Centro Galego, que tentaban levar a cabo a montaxe dunha escola de gaitas e danzas galegas, consideraron que non recibían o apoio necesario daquela institución, e pedíronme espazo no restaurante (naquela época, máis ben bar de comidas), para desenvolver alí a súa actividade. Aceptei ao momento, porque considerei que aquilo podería atraer se cabe máis clientela, sobre todo galega. Durante os catro anos seguintes desenvolveron alí as súas actividades como escola de gaitas e danzas, con moito éxito. Pero antes de que esto acontecese, xa fomos convidados a varios eventos que realizaban as empresas galegas en Barcelona, feiras de mostras e congresos.

Nestes actos, coincidiamos sempre cun home que, libreta en man, tomaba notas e apuntes de todo o que acontecía. Era Manuel Rodríguez López. Como sempre gostei da fotografía e levaba una cámara comigo para recoller instantáneas destas actividades, notei que rehuía aparecer nas fotos, indicándome ás veces que el non era o protagonista. Aínda así, logrei fotografalo nalgunha daquelas celebracións, libreta en man.

Axiña, o éxito do restaurante - ao que rebautizamos como, Sporting Toxos e Xestas, por suxerencia de Xose Luis Foxo-, atraeu a xentes da cultura como Xavier e Alfonso Costa, Margarita Ledo, Basilio Losada e outros moitos, aos que moitas veces acompañaban outros chegados de Galiza, polo que decidín organizar, de vez en cando, algunha comida-reunión, convocándoos a todos. Nestas xuntanzas acabamos de coñecernos un pouco máis, e entón foi cando Manolo me comentou a súa magoa por vir de publicar con Sotelo Blanco un libro sobre os galegos en Catalunya e nós non iamos incluídos nel, prometendo ocuparse de nós no próximo que estaba confeccionando. No ano 1983, decidín montar en solitario o Restaurante Medulio, e nel poñer como vaixela, Sargadelos. Coñecía a Rosa Galarza, amiga de X. Costa e Delegada de Sargadelos en Catalunya, que me ofreceu a posibilidade de cederme a delegación se en Sargadelos o aceptaban, sobre todo Isaac Díaz Pardo, xa que ela casara con Pere Nogué, director de teatro mallorquín, ao que axudaba nos seus proxectos, e

non lle quedaba tempo. Non tiven dificultades, e no ano oitenta e seis inauguraba, con Julia Otero como mestra de cerimonia, a nova e flamante tenda; galería, de Sargadelos de Vía Augusta 80, e a delegación para toda Catalunya. A partir dese momento as nosas relacións fixéronse máis continuadas. Daquela, Manolo quedara sen traballo, a fábrica Ossa quebrara, e despedira a tódolos seus empregados. Nunha ocasión díxome que o estaba pasando moi mal, pois tocáballe a él preparar os despedimentos dos seus compañeiros, e finalmente o seu.

Lamentouse de que ao longo dos anos de colaboración con Galicia e as súas institucións, os que lle tiñan feito promesas laborais acordes coa súa formación e vocación, se tiveran esquecido del. Levoume á su casa na rúa Farigola, situada nas estribacións do Carmelo, por debaixo do parque Güell, e alí coñecín á súa encantadora esposa e aos seus fillos. Faloume que marcharían para Lugo, adiantando a marcha que tiña pensada para despois da xubilación. E ao pouco tempo souben que unha enfermidade maligna o aqueixaba. Tiven ocasión de visitalo en Lugo, de saudar á súa familia, de reencontrarnos na terra. Para a Galería Sargadelos merquei exemplares dos seus libros, para a súa venta e para utilízalos como agasallos aos clientes ilustres do Medulio. A última vez que nos vimos, foi unha sorpresa. Estaba eu sentado fronte ao ordenador no rincón familiar que tiñamos ao fondo do restaurante, cando entrou, moi amodiño, e fíxome sinal coas mans de que me quedara sentado, que non me levantase. Así o fixen. Pasou ao comedor e alí estivo máis de media hora, véndoo todo, observando, xirándose lentamente, observando cada cousa, cada obxecto, as vidreiras cos escudos de Galiza que daban á rúa, a de Alfonso Costa que representaba a lenda do Medulio, o carro das vacas, os apeiros de labranza, as alquitaras... Entendín que se estaba despedindo. De novo, intentei faceerlle unha foto, e pedíume que non a fixera, que só quería levar consigo para sempre a memoria daquel lugar que tanto o emocionaba, no que todo tiña un fondo significado, que quería conservar no seu interior.

Del quédame a lembranza da súa dedicación, a súa bondade e o seu interese por resaltar e deixar constancia de todo o que acontecía que tiña que ver con Galiza e os galegos na Barcelona e a Catalunya daqueles tempos... Que Deus coide de ti no ceo, como mereces. O teu amigo sempre, Jose Luis, alias "Medulio".

XOSE LUIS LOPEZ FRAGA



Na presentación de Madeiras Ornanda, Feira de mostras Barcelona





Un rincón do seu amado Medulio